

Autor

Xosé A. Neira Cruz

Naceu en Santiago de Compostela en 1968. Escritor, xornalista e tradutor, é licenciado en Ciencias da Información e en Filoloxía Italiana pola Universidade de Santiago de Compostela. Como escritor gañou os premios Merlín (nos anos 1988 e 2000), os premios O Barco de Vapor (nos anos 1997 e 1999), o Premio Raíña Lupa (2002) e o Premio Lazarillo (2004). En 2001 doutorouse cunha tese titulada «Prensa infantil e escolar en Galicia», liña de investigación que mantén na actualidade, ampliada ao contexto europeo, na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago, onde traballa como profesor desde 1999. Fundador e director da revista de literatura infantil *Fadamorgana*, é tamén director da área infantil e xuvenil da Editorial Galaxia. Entre os anos 2000 e 2004 foi membro do comité executivo de IBBY e presidente do xurado internacional do premio IBBY Asahi Reading Promotion.